



PLAN DE ACCION TITORIAL CEIP A IGREXA CALO

1.- INTRODUCCIÓN

Partindo de que unha das funcións do DO é a elaboración de propostas de acción titorial é necesario entender que a posta en marcha de ditas propostas deberá levarse a cabo pola totalidade do profesorado, e en especial do profesorado titor dos diferentes grupos.

Debemos ter en conta o marco legislativo que regula as funcións dos tutores/as. Así, a **LOXSE**, no seu artigo 60 define a función titorial facendo fincapé en que “*a titoría e orientación dos alumnos a alumnas formará parte da función docente. Corresponde aos centros educativos a coordinación destas actividades. Cada grupo de alumnado terá un profesor titor ou titora*”.

A **LOCE**, no título IV ao falar da función docente como unha función do profesorado, establecendo que é función do profesorado “*a titoría dos alumnos e alumnas para dirixir a súa aprendizaxe, transmitir-lles valores e axudarlles, en colaboración cos pais e nais a superar as súas dificultades*”

Igualmente a **LOE**, no seu título III do profesorado, no capítulo I fai mención ás funcións do profesorado atribuíndo ao mesmo “*a titoría dos alumnos e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo en colaboración coas familias*”.

Parece entón propio que a **función titorial deba ir unida á función instructiva**, tendo por tanto en conta a diversidade de situacións persoais, aptitudes e intereses.

A función titorial deberá, aínda que de modo especial sexa exercida polos tutores/as, implicar ao conxunto do profesorado sendo todos/as os que debamos facilitar o proceso de aprendizaxe á totalidade dos alumnos/as e favorecer a integración dos mesmos.

2.- CONCEPTO DE FUNCIÓN TITORIAL

Podemos entón definir a función titorial como todas aquelas accións realizadas polos tutores/as encamiñadas, **ademais de instruír** academicamente aos seus alumnos/as, a dirixir o seu aprendizaxe, transmitir-lles valores, axudarlles no seu proceso educativo e superar todas aquelas dificultades que lle poidan xurdir ao longo da súa escolaridade, **en colaboración** co resto do profesorado, e pais/nais.

3.-FUNCIONES DOS TITORES/AS

O **Decreto 374** de 1996 do 17 de Outubro establece no seu capítulo V dos tutores, que serán funcións dos mesmos (Artigo 32) as seguintes:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- Proporcionarlle ao principio de curso ó alumnado e aos pais e nais de aluimnos/as ou tutores legais, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.



- Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situacións familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as Adaptacións Curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos/as mentras estes permanezan no centro nos periodos de lecer.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar aos alumnos do grupo, aos pais e aos profesores de todo aquilo que lles afecte en relación ás actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a cooperación educativa entre profesores e pais de alumnos.
- Exercer de acordo co proxecto curricular a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos aos seu grupo de alumnos
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos e ter informados aos pais, titores e ao xefe de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Aqueloutras que se consideren oportunas para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.



A ACCIÓN TITORIAL

1.- O NOSO CENTRO E O SEU CONTORNO

Partindo, polo tanto, do feito de que a acción titorial é unha función do profesorado que se exerce de forma coordinada entre a totalidade do mesmo e que abrangue tanto a formación académica dos alumnos/as como o desenvolvemento persoal dos mesmos, propoñemos este plan como unha resposta colectiva e coordinada ás diferentes problemáticas individuais dos nosos alumnos/as.

Deberemos partir, polo tanto, das características persoais dos alumnos que temos escolarizados no centro e mesmo das condicións, familiares e sociais nas que se desenvolven os nosos alumnos, así como dos recursos tanto humanos como materiais cos que actualmente conta o centro, para tratar de buscar respostas educativas axeitadas en tempo e forma ás distintas problemáticas que se nos presentan.

Teremos en conta as seguintes premisas:

- As etapas educativas que se imparten no CEIP A Igrexa- Calo, e dicir : 2º ciclo da Educación Infantil e a totalidade de ciclos de Primaria e o número de alumnos/as escolarizados no noso centro.
- As idades dos alumnos/as que escolarizamos, co desenvolvemento madurativo propio desas idades, intereses propios, gustos e motivacións. (ordinario de 6 a 12 anos, extraordinariamente ata os 15 tendo en conta permanencia por segundo ano nunha mesma etapa ou posibles flexibilizacións do periodo de escolaridade)
- A escolarización no noso centro de alumnado inmigrante procedente maioritariamente de Marrocos ou China.
- Un porcentaxe comparativamente maior de informes médicos co diagnóstico de TDAH.
- A escolarización de alumnos/as con dificultades na adquisición das técnicas instrumentais básicas.
- A presenza de alumnos/as con necesidades de desenvolver habilidades sociais.
- A necesidade de traballar cos alumnos do terceiro ciclo a organización do seu traballo e o desenvolvemento de técnicas de estudo.
- O persoal docente co que contamos (nº de profesionais, especialidades, situación administrativa...)
- O persoal de administración e servizos: coidador/a, conserxe, persoal dos servizos complementarios (comedor e transporte), persoal de limpeza, e mesmo as Anpas constituídas regulamentariamente no centro.
- Profesionais externos ao centro que poden traballar cos nosos alumnos/as (servizos sociais do concello, CIM de Teo, persoal sanitario, psicólogos, asociacións do contorno que poden traballar cos alumnos/as do noso centro...)
- As condicións físicas nas que se atopa o centro (non biblioteca, non sala de audiovisuais, non supresión barreiras arquitectónicas, non servizos de infantil dentro das aulas, aulas pequenas e saturadas, 3 plantas...)
- As familias. (composición, implicación e colaboración co centro na educación dos nenos, a forma de entender a educación por parte das familias,...)
- A realidade socioeconómica do contorno (situación económica do contorno, sector laboral no que traballan as familias, ...)



- A escola de Educación Infantil do contorno das que proceden parte dos nosos alumnos: Casalonga (EI e 1º e 2º niveis de Primaria).
- O IES ao que estamos adscritos como centro (IES de Cacheiras), no que continúan estudos os alumnos que rematan no noso centro a etapa de Primaria.
- As relacións cos centros de Infantil e Primaria do Concello: (CEIP Os Tilos, CEIP A Ramallosa, EEIs.....)

2.- OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL

Tendo en conta as premisas anteriores **os obxectivos que nos plantexamos serán:**

- 2.1.-** Fomentar a integración do novo alumnado no centro promovendo accións encamiñadas á favorecer a integración deste alumnado, tanto do que inicia a escolaridade no noso centro como do alumno/a que continúa o proceso educativo neste centro e que provén das escolas unitarias da zona.
- 2.2.-** Fomentar a adaptación e integración do alumnado provinte do estranxeiro adecuando a resposta educativa que se lle ofrezca ás necesidades deste alumnado tendo en conta os recursos cos que conta o centro.
- 2.3.-** Favorecer a comunicación entre cada grupo de alumnos/as e o profesorado que lle imparte clases.
- 2.4.-** Manter actualizados os expedientes de cada alumno/a, completándoos paulatinamente a medida que avanza a exploración psicopedagóxica dos alumnos/as.
- 2.5.-** Elaborar cuestionarios e probas que formarán parte da exploración psicopedagóxica para contribuir a ampliar a información do profesorado sobre os alumnos/as, e así dar respostas educativas máis axustadas e favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe.
- 2.6.-** Promover a participación- colaboración da familia no proceso formativo dos alumnos/as sentando bases de intercambio de información entre familia-escola para o desenvolvemento integral dos alumnos/as facendo fincapé en contidos de valores, autonomía persoal e estimulación temperá.
- 2.7.-** Favorecer a coordinación entre os centros da zona, tanto dos centros dos que nos proveñen os alumnos/as como do IES ao que estamos adscritos.
- 2.8.-** Colaborar co profesorado promovendo accións encamiñadas a favorecer o proceso ensino-aprendizaxe.
- 2.9.-** Promover a coordinación entre o profesorado que imparte clases aos mesmos alumnos/as co fin de mellorar as intervencións educativas.

3.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL

Para desenvolver os obxectivos propostos con anterioridade para a posta en marcha do PAT, apuntaremos deseguido as actuacións que se levarán a cabo en cada un dos ciclos. Deberemos entender que para o éxito da posta en marcha se asuma que a orientación forma parte do estilo docente do profesorado incidindo non só nos aspectos académicos, senón tamén en aspectos de formación como persoas tendo en conta as particularidades de cada alumno/a co fin de acadar unha educación integral que potencie os valores de cada alumno/a.



3.1.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

- 3.1.1.-** Posta en marcha das actuacións previstas no Plan de Acollida para alumnos/as que inician a súa escolaridade.
- 3.1.2.-** Realización da entrevista inicial ás familias para obtención de información co fin de coñecer todos aqueles factores que poidan influir no proceso de ensino-aprendizaxe, e cubrir a ficha de avaliación inicial que pasará a formar parte da exploración psicopedagóxica de cada alumno/a.
- 3.1.3.-** Realización da entrevista inicial aos pais de alumnos/as que veñen doutras escolas e análise do seu expediente.
- 3.1.4.-** Realización dunha reunión grupal no inicio do curso na que se informará sobre diversos aspectos xerais: presentación do profesorado que impartirá clase ao grupo, normas organizativas do centro, calendario escolar proposto pola Consellería, horario, horario de atención a pais, normas de aula, orientacións para pais, actividades complementarias previstas, servicios complementarios (comedor e transporte), solicitude de colaboración e intercambio de información entre o centro e as familias, obxectivos xerais desta etapa, carácter (voluntario) desta etapa...
- 3.1.5.-** Establecemento de canles de coordinación entre o derradeiro curso desta etapa e o primeiro curso de Primaria.
- 3.1.6.-** Informe de avaliación trimestral de cada alumno/a, e no seu caso das medidas de reforzo adoptadas.
- 3.1.7.-** Realización do informe de final de etapa.
- 3.1.8.-** Seguimento do nivel de absentismo escolar dentro do grupo e faltas de puntualidade.
- 3.1.9.-** Posta en marcha, seguimento e avaliación de posibles programas que se acorden para esta etapa.
- 3.1.10.-** Establecer canles de comunicación entre o centro e as guarderías da zona co fin de recabar información relevante para o inicio da escolaridade.

3.2.-DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL NO 1º E 2º NIVEL DE PRIMARIA

- 3.2.1.-** Posta en marcha do Programa de Acollida de alumnos/as de nova incorporación ao centro.
- 3.2.2.-** Establecemento das normas xerais de convivencia dentro de cada aula.
- 3.2.3.-** Realización da avaliación inicial de curso, análise do expediente do alumno/a, e valoración de todas aquelas circunstancias que poidan estar a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- 3.2.4.-** Realización de reunión inicial de curso cos pais/nais, ou tutores dos alumnos/as que conforman o grupo na que se exporán os seguintes aspectos: presentación do/da titor/a, profesores especialista, calendario escolar establecido pola Consellería para esta etapa, horario, horario de atención a pais, organización do centro, servicios complementarios (comedor e transporte), actividades complementarias programadas para este ciclo, obxectivos xerais do ciclo, normas da clase, criterios de avaliación. Normas para solicitude de entrevista co profesorado e solicitude de colaboración da familia en aqueles aspectos que estean a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- 3.2.5.-** Planificación e realización das sesións de avaliación.
- 3.2.6.-** Información trimestral aos pais dos resultados da avaliación correspondente a cada trimestre.



3.2.7.- Planificación e desenvolvemento coordinado das medidas de atención á diversidade acordadas para os posibles alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, contempladas no apartado de Atención á diversidade do PEC do centro.

3.2.8.- Establecemento entre o grupo de profesores do ciclo dos criterios de promoción ao ciclo seguinte.

3.2.9.- Posta en marcha, seguimento e avaliación de posibles programas que se acorden para este ciclo: habilidades sociais, fomento e mellora da comprensión lectora,...

3.2.10.- Realización ca axuda da orientadora no primeiro trimestre do curso e no 1º nivel do ciclo da proba de dominio dos conceptos básicos (Test Boehm) para incluír no expediente do alumno/a e incluír na exploración psicopedagóxica.

3.2.11.- Fomento de canles de coordinación entre este ciclo e o 2º ciclo de Educación Primaria e a etapa de Educación Infantil.

3.2.12.- Deseño e cumplimentación dun informe individual de final de ciclo.

3.2.13.- Seguimento do nivel de absentismo escolar dentro de cada grupo e control de faltas de puntualidade, así como información aos pais sobre este aspecto.

3.2.14.- Cumplimentación de informes extraordinarios para alumnos/as que cambien de centro.

3.3.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TUTORIAL NO 3º E 4º NIVEL DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

3.3.1.- Posta en marcha do Programa de Acollda de alumnos/as de nova incorporación ao centro.

3.3.2.- Establecemento de normas xerais de convivencia dentro da aula.

3.3.3.- Realización da avaliación inicial de curso, análise do expediente do alumno/a, e valoración de todas aquelas circunstancias que poidan estar a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.3.4.- Realización de reunión inicial de curso cos pais/nais, ou tutores dos alumnos/as que conforman o grupo na que se exporán os seguintes aspectos: presentación do/da titor/a, profesores especialista, calendario escolar establecido pola Consellería para esta etapa, horario, horario de atención a pais, organización do centro, servizos complementarios (comedor e transporte), actividades complementarias programadas para este ciclo, obxectivos xerais do ciclo, normas da clase, criterios de avaliación. Normas para solicitude de entrevista co profesorado e solicitude de colaboración da familia en aqueles aspectos que estean a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.3.5.- Planificación e realización das sesións de avaliación.

3.3.6.- Información trimestral aos pais dos resultados da avaliación correspondente a cada trimestre.

3.3.7.- Planificación e desenvolvemento coordinado das medidas de atención á diversidade acordadas para os posibles alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, contempladas no apartado de Atención á diversidade do PEC do centro.

3.3.8.- Establecemento entre o grupo de profesores do ciclo dos criterios de promoción ao ciclo seguinte.

3.3.9.- Posta en marcha, seguimento e avaliación de posibles programas que se acorden para este ciclo: habilidades sociais, fomento e mellora da comprensión lectora,...

3.3.10.- Fomento de canles de coordinación entre estes niveis e os seguintes de Educación Primaria.

3.3.11.- Deseño e cumplimentación dun informe individual de final de ciclo.

3.3.12.- Seguimento do nivel de absentismo escolar dentro de cada grupo e control de faltas de puntualidade, así como información aos pais sobre este aspecto.

3.3.13.- Cumplimentación de informes extraordinarios para alumnos/as que cambien de centro



3.4.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL NO 5º E 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

3.4.1.- Posta en marcha do Programa de Acolida de alumnos/as de nova incorporación ao centro.

3.4.2.- Establecemento de normas xerais de convivencia dentro da aula.

3.4.3.- Realización da avaliación inicial de curso, análise do expediente do alumno/a, e valoración de todas aquelas circunstancias que poidan estar a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.4.4.- Realización de reunión inicial de curso cos pais/nais, ou titores dos alumnos/as que conforman o grupo na que se exporán os seguintes aspectos: presentación do/da titor/a, profesores especialista, calendario escolar establecido pola Consellería para esta etapa, horario, horario de atención a pais, organización do centro, servicios complementarios (comedor e transporte), actividades complementarias programadas para este ciclo, obxectivos xerais do ciclo, normas da clase, criterios de avaliación. Normas para solicitude de entrevista co profesorado e solicitude de colaboración da familia en aqueles aspectos que estean a influir no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.4.5.- Planificación e realización das sesións de avaliación.

3.4.6.- Información trimestral aos pais dos resultados da avaliación correspondente a cada trimestre.

3.4.7.- Planificación e desenvolvemento coordinado das medidas de atención á diversidade acordadas para os posibles alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, contempladas no apartado de Atención á diversidade do PEC do centro.

3.4.8.- Establecemento entre o grupo de profesores do ciclo dos criterios de promoción ao ciclo seguinte.

3.4.9.- Posta en marcha do Programa de Preparación para a ESO

3.4.10.- Posta en marcha, seguimento e avaliación de posibles programas que se acorden para este ciclo: habilidades sociais, fomento e mellora da comprensión lectora, iniciación ás técnicas de estudo e entrenamento de destrezas...

3.4.11.- Fomento de canles de coordinación entre este ciclo e o IES de Cacheiras, IES ao que estamos adscritos.

3.4.12.- Deseño e cumplimentación dun informe individual de final de etapa no que consten os aspectos máis relevantes do nivel acadado, das medidas ordinarias e/ou extraordinarias que se adoptaron, rasgos de carácter máis destacables, hábitos de estudo, estilo de aprendizaxe, relacións interpersoais...etc

3.4.13.- Seguimento do nivel de absentismo escolar dentro de cada grupo e control de faltas de puntualidade, así como información aos pais sobre este aspecto.

3.4.14.- Cumplimentación de informes extraordinarios para alumnos/as que cambien de centro antes de rematar o ciclo ou curso.